

Comentarios publicados no blog do IES Sánchez Cantón no curso 2012-2013
Os Megatoxos e os Templarios da Luz

Este libro trata sobre os Megatoxos, que ao principio eran catro rapaces normais e correntes, pero ao entrar en contacto co Toxo obtiveron superpoderes. Nesta ocasión, os Megatoxos van a unha excursión escolar aos montes dos Pirineos. Alí, Ninfa apúntase a unha competición de snowboard xunto con Ezbel. Cando Ninfa rematou a competición notou a presenza do Toxo e foi buscalo. Sen que se dese conta Ezbel seguiuna, e, os demais, preocupados, foron a por ela. Cando todos estiveron preto do Toxo, desmaiáronse e apareceron nunha praia, onde Megatoxos e xemelgos separáronse. Alí había unha señora, acolleu aos Megatoxos, e díxolles que se querían volver ao futuro tiñan que ir a París a unha exposición onde se atopaba a máquina do tempo. Entraron nunha cova subterránea, na que había un submarino que os levou a París. Alí, en París foron onda a máquina do tempo, os Megatoxos entraron nela pero ... Decidiron ir onda a sede dos Templarios da Luz para coller un anaco do Toxo. Alí loitaron ... A min encantoume este libro, xa que é de aventuras fantásticas e falan de como era París antigamente, a torre Eiffel e ten toques graciosos, como cando Faísca, Ninfa e Lúa corren dentro dunha esfera creada por Lúa coma hámsteres. Este libro non ten dificultade, xa que non usei o dicionario, aínda que hai palabras estranxeiras (como snowboard) que se fan un chisco "raras". Recomendaríalla tanto a nenos como a nenas, sobre todo se lle gustan as aventuras fantásticas, a acción e saber como era París antigamente. **(Roberto)**

É un libro de ficción fantástico. Gustoume pola súa imaxinación, tanto na invención dos personaxes como no relato. Estaba moi ben escrito e entendíase moi ben, ademais líase fácil e rapidamente. Os diálogos son bastante bos, aínda que non son moi diferentes nin nada que non se poida ver en outros libros. A quen lle recomendarías este libro: á xente que lle gusta o mundo de ficción, a aventura e o misterio, non é difícil de ler polo tanto pode ser para calquera. **(Gabriela)**

É un libro moi entretido e fantasioso, e que te entretén. Gustoume moito xa que foi moi orixinal e queres ler o seguinte. É unha linguaxe moi sinxela e fácil de entender, e compréndese mellor a historia. A quen recomendarías este libro: pois a nenos coma min ou a persoas calquera as que lles guste os contos de maxia e aventura. **(Alba)**

Trata dunha aventura que viviron os megatoxos e os templarios da luz por culpa do toxo co que grazas a el ... A min gustoume moito xa que estes libros son moi entretidos e son capaces de enguedellarte ata o final.: A linguaxe é moi fácil de entender. A quen recomendaras este libro: a persoas que lles gusten os libros fantásticos. **(Alberto)**